

FICHA DE INFORMACION- FI CE 08

ACCIÓN FORMATIVA: COMUNICACIÓN DE EMERGENCIA PARA VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL

1. Obxecto da presente ficha de información

O obxecto da presente ficha de información é a de informar, a todos os participantes da acción formativa, tanto dos posibles riscos existentes coma das normas de seguridade de obrigado cumprimento durante a súa realización así como doutras obrigas xerais, segundo establece a Lei 31/95 de prevención de riscos laborais e o RD 171/2004 de coordinación de actividades empresariais.

2. Normativa legal de referencia

A principal normativa legal de referencia é a seguinte (relación non exhaustiva):

- Lei 31/95 de prevención de riscos laborais
- RD 171/2004 de coordinación de actividades empresariais
- RD 39/97 e RD 899/2015 regulamento dos servizos de prevención
- RD 486/97 de lugares de traballo
- RD 485/97 de sinalización
- RD 1215/97 de equipos de traballo

3. Acción Formativa dirixida a:

- Voluntarios

4. Riscos laborais no desenvolvemento das accións formativas:

- Os existentes no acceso ás instalacións da AGASP (ver fichas de información "Acceso ás instalacións da Academia Galega de Seguridade Pública da Estrada", "Profesor/Coordinador" e "Alumnos")
- Caída de persoas a distinto nivel
- Caída de persoas ao mesmo nivel

5. Normas e obrigas en materia de seguridade no desenvolvemento das accións formativas:

Consideracións xerais

- ✓ Prohíbese o consumo de alcohol, drogas ou medicamentos que impidan ou dificulten a realización de acción formativa, tanto previamente coma durante o desenvolvemento desta.
- ✓ Todos os equipos de traballo utilizados cumprarán co indicado no RD 1215/1997 de equipos de traballo, dispoñendo de marcado CE ou posta en conformidade, manual de instrucións en castelán e manteranse nas condicións orixinais de fabricación e marcado CE ou posta en conformidade.
- ✓ Todos os equipos de traballo empregados utilizaranse en todo momento segundo as indicacións dos manuais de instrucións do correspondente fabricante, dispoñendo, para iso, dos devanditos manuais de instrucións durante as actividades formativas.
- ✓ Prohíbese terminantemente o anular, modificar, retirar ou pontear as proteccións, resgardos e outros elementos de seguridade de que dispoñan todos os equipos de traballo utilizados.

Consideracións previas á posta en marcha da coordinación de emerxencias

- ✓ Inspeccionar visualmente o equipo de traballo.
- ✓ Comprobar, o funcionamento dos controis de operación para asegurarse de que funcionan correctamente.
- ✓ Comunicar calquera defecto ou anomalía e non utilizar o equipo se a devandita anomalía compromete a seguridade no uso deste.

Listado non exhaustivo de EPIs (Equipos de Protección Individual) a utilizar durante a formación

- ✓ Non é necesario empregar ningún EPIs
- ✓ Todos os alumnos participantes na acción formativa han de cumprir, en todo momento, as indicacións dos profesores/coordinadores sen excepción ningunha.
- ✓ Nesta acción formativa non se require a presenza de recurso preventivo

6. Observacións:

Faise constar que a presente ficha é unha ficha de información orientativa, confeccionada pola Academia Galega de Seguridade Pública, e o seu contido é para o apoio, tanto para o profesor/coordinador coma para os alumnos da acción formativa, para dar cumprimento á normativa de prevención de riscos laborais. Tanto a vixilancia do cumprimento das diferentes normas de seguridade en materia de prevención de riscos laborais como a súa divulgación aos alumnos participantes, durante o desenvolvemento da acción formativa, corresponde ao coordinador e ao profesor, e o seu cumprimento, corresponde á totalidade dos participantes nesta.

*É obrigatorio a recepción, comprensión e cumprimento de todo o indicado na presente ficha de información por parte de todos os participantes da acción formativa.
É obrigatoria a firma de recepción do presente documento.*